



Confederación Inter Sindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## ACORDO CAMPAÑA RENDA

Hoxe a totalidade da parte social asinamos o Acordo para a Campaña da Renda. O acordo, aínda que mantén as liñas xerais de anos anteriores, introduce algunhas importantes modificacións, entre as que destacamos:

- Vixencia do acordo para 3 anos.
- Suba dun 5 % anual nos módulos de información, coordinación e operador.
- Suba dun 3 % anual no resto dos módulos.
- Favorece a incorporación durante máis tempo dos fixos discontinuos.
- Nos módulos de mañá incorporan aos compañeiros de rectificación de rendas.

Dende **CIG** consideramos aparte do económico, hai outros aspectos que debían mellorarse sobre todo na parte organizativa.

As peticións que trasladamos, e dos que a AEAT tomou nota foron, entre outras, as seguintes:

- Estamos en contra da externalización de servizos: non é razoable que sexa unha empresa externa quen atenda servizos propios da AEAT ou incluso manexe datos fiscais dos contribuintes.
- Que se reconozca o inicio da campaña xa empezou estes días, non teñen máis que pasarse polas delegacións ou administracións (ou comprobar os datos das citas no Ateneo) para comprobar o gran número de contribuintes que están acudindo as nosas oficinas para pedir información, datos, certificados... en relación coa Campaña da Renda; que non sexan rácanos no reparto dos módulos polo traballo das mañás sobre todo na atención ao público, é evidente a maior carga de traballo que teñen estes compañeiros.
- Pedimos máis e mellor formación, sobre todo práctica; é increíble que a estas alturas aínda non esté a nosa disposición o manual da renda 2017.
- O apoio informático é fundamental e ten que estar asegurado: hoxe si non funcionan os ordenadores, fallan as impresoras ou cae a rede, non podemos traballar.



**Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA**

- Que non rebaixen o tempo por cita: aínda que algunhas rendas non precisen ser modificadas todas teñen que ser revisadas, todos os contribuíntes teñen que saír da plataforma coa renda perfectamente confeccionada e revisada, o contrario é prexudicar os contribuíntes e a nós mesmos porque teremos moito máis traballo para revisar, rectificar, requerir, liquidar ao longo do ano. Tamén pedimos que se teñan en conta aqueles casos especiais, como por exemplo devolución das cláusulas solo, flecos pendentes de preferentes, etc.
- Pensamos que é importante poder pedir cita de forma presencial nas oficinas da AEAT: hai xente maior que non sabe utilizar internet ou por problemas auditivos ou de outro tipo, se lía cos teléfonos automatizados
- Criterios claros e coñecidos: non é lóxico que na Coruña o ano pasado se expulsase da campaña a quen collera algún día de vacacións ou se poñan limitacións para os cambios de quendas entre compañeiros, cando, nin con coller vacacións nin co cambio de quenda se prexudica en nada ó servizo.
- Comisións de seguimento provinciais que verdadeiramente funcionen e sexan operativas nas que se poidan canalizar e resolver os problemas concretos e diarios das distintas plataformas.
- Que se den as instrucións necesarias para que en todas as plataformas se den as quendas de participación completas ao inicio da campaña e que non poñan limitacións para os cambios, de mañá ou de tarde, que acorden os participantes.

A Administración comprometeuse a tratar todos estes temas organizativos na Comisión de Seguimento.

**CIG-AEAT:**

**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

**WWW.CIGAEAT.COM**